

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA NO CONCELLO DE A GUARDA O 19 DE SETEMBRO DE 2007.

No Salón de Plenos do Concello de A Guarda, sendo as nove horas do día dezanove de setembro de dous mil sete, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- Dña. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González
- Dona M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- Dña. Carmen M^a Castro González.
- D. José Alberto González Vicente.
- D. José Vicente Ferreira.
- Dona Rosa M^a Martínez Costoya.
- D. Celso Juan Rodríguez Fariñas.
- Dña. Isabel Lidia González Alonso.
- D. Xan Lois Lomba Alonso.

Non asisten:

- D. José Bernardo Cadilla Lomba.
- Dona M^a de Fátima Iglesias Ferreira.
- D. Fernando Domínguez Martínez

Actúa como Secretaria a da Corporación Dña. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO ÚNICO: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA DETERMINAR OS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2008

O señor Alcalde da lectura á seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

VISTO o escrito recibido no Concello con data 7 de setembro de 2007 (RE 6492) da Consellería de Traballo para proceder á designación

dos festivos locais para o ano 2008 no Concello de A Guarda, debendo ser remitido antes do 20 de setembro de 2007.

Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Declarar festivos locais no Concello de A Guarda durante o ano 2008 os días seguintes:

- **16 de xullo de 2008 (Virxe do Carme).**
- **23 de setembro de 2008 (Santa Trega)**

2.- Remitir o presente acordo á Consellería de Traballo.

A Guarda , 14 de setembro de 2007

O Alcalde

Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”

O señor Alcalde fai referencia a un antigo acordo plenario conforme o cal, serían declarados festivos locais as devanditas datas, se non coincidían en sábado ou domingo, polo que non consideraron necesaria unha previa consulta cos restantes grupos municipais para elaborara a proposta.

Intervén o voceiro do BNG, señor Lomba Alonso, e di que en virtude do acordo anterior, votará a favor.

O voceiro de Terra Galega, señor Rodríguez Fariñas, di que apoiará a proposta

O voceiro do Partido Popular, señor González Vicente, di que apoiará a proposta.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, González Vicente, Vicente Ferreira, Martínez Costoya, Rodríguez Fariñas, González Alonso e Lomba Alonso (catorce votos a favor).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e dez minutos o Sr. Presidente levanta a sesión , de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Vº e Pr.

O Alcalde-Presidente

A Secretaria

Jose Manuel Domínguez Freitas

Julia M^a Carrasco Glez-Alegre